

lición, nos termos e condicións que se establecen no número 2 do artigo 9º deste Plan de inspección.

3. Execución forzosa.

Finalizado o prazo para executar a orde de demolición en período voluntario, acordarase a execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas que serán reiteradas periodicamente cada 3 meses ata lograr a execución polo suxeito obrigado. En todo caso, transcorrido un ano desde que a data da resolución que ordena a demolición é executiva, acordarase a execución subsidiaria pola axencia con cargo ao suxeito obrigado, atendendo á seguinte orde de prioridades:

1) As resolucións xudiciais que ordenan á axencia a execución subsidiaria da demolición.

2) As ordes de demolición respecto das cales os interesados se comprometeron que ían executar ao seu cargo a demolición no prazo e condicións aceptados pola axencia, no suposto de que incumprisen calquera dos prazos parciais ou o prazo final establecidos para a execución da orde de demolición.

3) As restantes ordes de demolición segundo a importancia da infracción e a antigüidade das obras, dando prioridade a edificacións completas.

En calquera caso, o acordo de execución subsidiaria quedará supeditado á existencia de fondos orzamentarios suficientes.

4. Unidade responsable: Servizo de Inspección do Litoral.

CAPÍTULO V

EXECUCIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN

Artigo 15º.-*Execución do plan.*

1. A dirección da axencia poderá dictar as instrucións e ordes de servizo que resulten necesarias para a mellor execución deste Plan de inspección.

2. De conformidade co disposto nos artigos 50º e 74º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a dirección da axencia poderá acordar a tramitación de urxencia e alterar a orde de prioridades sinaladas neste Plan de inspección, por razóns de interese público.

Artigo 16º.-*Colaboración coas administracións públicas.*

1. A axencia colaborará activamente con todas as administracións públicas co obxectivo de velar polo cumprimento da normativa reguladora do urbanismo, a ordenación do territorio e o litoral, nos termos establecidos no artigo 4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. En particular, a axencia coordinará a súa actuación cos municipios integrados nela, así como coa Unidade da Policía Nacional adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia.

No primeiro trimestre do ano 2011, a directora da axencia presentará ao Consello Executivo un procedemento de coordinación e actuación entre os concellos adheridos e a axencia.

3. A axencia comunicará aos correspondentes concellos o inicio e a resolución dos expedientes de reposición da legalidade urbanística.

Artigo 17º.-*Subinspectores urbanísticos.*

Para a execución deste Plan de inspección, os subinspectores urbanísticos desenvolverán as seguintes funcións:

a) Levar a cabo as actuacións de inspección e vixilancia nos concellos adheridos seguindo a orde cronolóxica de incorporación á axencia referenciada na data de publicación do correspondente convenio no *Diario Oficial de Galicia*. Para estes efectos serán coordinadas as actuacións debidas cos representantes municipais.

b) Levar a cabo as actuacións de inspección e vixilancia que lles sexan encomendas e levantar as correspondentes actas de inspección.

c) Denunciar os actos de edificación e uso do solo que sexan constitutivos de infracción urbanística ou de infracción da Lei de costas.

d) Investigar os feitos que poidan ser constitutivos de infracción urbanística ou de infracción da Lei de costas e recopilar as probas que resulten necesarias para acreditar os feitos investigados.

e) Elaborar o correspondente informe técnico sobre o resultado das investigacións realizadas.

f) Recadar os datos, medicións, información precisa e realizar os planos con cotas para a elaboración dos proxectos de demolición.

g) Calquera outra función asesora, inspectora e de control urbanístico que lles sexa encomendada polo xefe do servizo ou pola dirección da axencia.

Artigo 18º.-*Seguimento da execución do plan.*

Semestralmente o/a director/a da axencia dará conta ao Consello Executivo dos resultados da execución deste Plan de inspección.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Resolución do 7 de decembro de 2010 pola que se publica a oferta de emprego público (OPE) de persoal de administración e servizos para o ano 2010.

Conforme ao disposto no artigo 70º da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do emprego público, no artigo 30º da Lei 9/2009, do 23 de

decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, así como nos estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, logo da negociación cos órganos de representación do persoal de administración e servizos,

RESOLVO:

Primeiro.-Publicar a oferta de emprego público do persoal de administración e servizos da USC para o ano 2010.

Segundo.-Esta OPE inclúe as necesidades de recursos humanos con asignación orzamentaria que non poden ser cubertas cos efectivos de persoal existentes, segundo se detalla no anexo, todo dentro do contexto global de restrición orzamentaria que afecta a todas as administracións públicas.

Terceiro.-A planificación dos recursos humanos na USC orientase á atención das unidades prioritarias, á correcta dimensión do volume de efectivos, á mellora na distribución e capacitación dos efectivos para unha máis eficaz prestación dos servizos e a potenciar a estabilidade no emprego.

Cuarto.-As convocatorias das probas selectivas de acceso libre derivadas desta oferta publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial del Estado*, para garantir a publicidade exixida no artigo 75.º.2 da Lei 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e executaranse dentro do prazo máximo previsto no artigo 70º do Estatuto básico do emprego público.

Quinto.-Coa finalidade de dar unha maior difusión das distintas convocatorias de probas selectivas derivadas desta oferta de emprego, así como dos actos que deriven delas, na páxina web da USC (www.usc.es) pódese consultar dentro do Servizo de Planificación e Programación de PAS, o sitio dedicado a convocatorias de procesos selectivos.

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2010.

Juan José Casares Long
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

ANEXO I

Oferta de emprego público da Universidade de Santiago de Compostela. Ano 2010

Persoal laboral

a) Promoción interna

Grupo	Categoría	Prazas
I	Analista	1
I	Técnico superior de telecomunicacións	1
I	Arquitecto	1

Grupo	Categoría	Prazas
I	Enxeñeiro industrial	1
I	Técnico superior de investigación. Animalario de produción	1
I	Técnico superior de investigación. Espectrometría de masas e proteómica	1
I	Técnico superior de investigación. Arqueometría	1
I	Técnico superior de investigación. Análise elemental	1
I	Técnico superior de investigación. Difracción de raios X	1
I	Técnico superior de xestión	4
II	Técnico grao medio <i>e-learning</i>	1
II	Técnico xestor sistemas, especialidade xestión sistemas	1
III	Técnico especialista informática. Especialidade administración de sistemas	3
III	Técnico especialista informática. Especialidade desenvolvemento de sistemas	2
III	Técnico especialista informática. Especialidade desenvolvemento web	1
III	Técnico especialista de investigación. Especialidade química	6
III	Técnico especialista de investigación. Especialidade bioloxía	2
III	Técnico especialista de investigación. Especialidade imaxe	1
III	Técnico especialista de investigación. Especialidade física	1
III	Técnico especialista de investigación. Especialidade saúde	1
III	Técnico de investigación-área bioloxía-saúde	4
III	Técnico de investigación-área química-física	1
III	Técnico especialista de instalacións	1
III	Técnico de instalacións	1
Total prazas promoción interna		44

b) Quenda libre

Grupo	Categoría	Prazas
I	Técnico superior de xestión	3
II	Técnico grao medio <i>e-learning</i>	1
III	Técnico especialista informática. Especialidade administración de sistemas	7
III	Técnico especialista informática. Especialidade desenvolvemento de sistemas	1
III	Técnico especialista informática. Especialidade desenvolvemento web	1
III	Técnico especialista de investigación. Especialidade química	5
III	Técnico especialista de investigación. Especialidade bioloxía	1
III	Técnico especialista de investigación. Especialidade saúde	1
III	Técnico de investigación-área bioloxía-saúde	3
III	Técnico especialista de instalacións	1
III	Técnico de instalacións	1
Total prazas quenda libre		25

Persoal funcionario

a) Promoción interna

Subgrupo	Escala	Prazas
A1	Técnico superior de administración USC	2
A2	Axudante de arquivo	1
A2	Axudante de biblioteca	6
C1	Administrativa	29
Total prazas promoción interna		38

b) Quenda libre

Subgrupo	Escala	Prazas
A1	Técnico superior de administración USC	2
A2	Axudante de arquivo	1
A2	Axudante de biblioteca	6
C1	Auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos	2
C1	Administrativa	15
Total prazas quenda libre		26